

Exercicio 03 – Composición sobre textos históricos. Edición Semana Santa

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a crise da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos a explicar o cuestionamento do sistema canovista, os efectos da política colonial en Marrocos, a Semana Tráxica de Barcelona, os factores que conduciron á crise de 1917 e as consecuencias do desastre de Annual.

Doc. 1. Manifesto contra a Guerra emitido polo PSOE, 28 de xuño de 1909.

“O goberno obrigado por compromisos internacionais que a nación descoñece, ou movido polo afán de amparar os intereses duns cuantos plutócratas, resolveu enviar a Marrocos 20.000 homes [...]. Tal enormidade, incrementada pola tremenda inxustiza de que á guerra vaian soamente os fillos dos pobres, os que non puideron librarse da contribución de sangue por carecer de 1.500 pesetas, non debe ser consentida pola clase obreira [...]. Por outra banda, a clase obreira, que loita hoxe non xa por mellorar a súa sorte, senón tamén por emanciparse e emancipar a todos os homes, ten un alto interese en que o militarismo non alcance no noso país maior preponderancia da que ten, e seguramente alcanzaría se se realizase unha campaña guerreira en Marrocos”.

Doc. 2. Manifesto declarando a folga xeral, 27 de marzo de 1917.

“Na presente e crítica ocasión, xa viu o pobo o que ficou das promesas de reformas da economía nacional. Continúan as eternas ocultacións de riqueza [...], os beneficiados cos negocios da guerra, nin empregan as súas ganancias no fomento da riqueza nacional, nin se aveñen a entregar parte dos beneficios ao Estado, e o Goberno, débil cos poderosos e altivo cos humildes, lanza a diario contra dos obreiros a Garda Civil [...]. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión Xeral de Traballadores e os da Confederación do Traballo, acordan por unanimidade: Primeiro [...] imponse que o proletariado español empregue a folga xeral, sen prazo definitivo de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

Doc. 3. Descrición da retirada do 22 de xullo en Annual segundo o fiscal militar que actuou no Expediente Picasso.

“Abandónase a posición con todos os seus elementos, sen ordes, sen instrucións, con présas, sen coñecer nin plan nin dirección, revoltas as forzas, confundidas, sen xefes pode dicirse, acosados polo inimigo, e sen máis idea visible que a da salvación individual, pola fuxida vergoñosa nuns, inexplicable noutros e lamentable en todos, sendo inútiles os esforzos duns cantos para conter esta avalancha, que tan impremeditadamente se deixou desbordar. [...] A columna fuxitiva, deixando como rastros mortos e feridos, material esnaquizado e bestas inútiles –pois as útiles utilizábanas para fuxir–, chegou en multitude a Izumar. Recobradas un pouco as forzas despois de Izumar, volven outra vez ao barranco de baixada a desorganizarse, e xa é inútil o esforzo individual dalgúns xefes e oficiais e clases para conter a desmoralización acosada polo inimigo, máis atento entón a aproveitar o botín deixado en Annual e nas outras posicións”.